

I. DISPOSICIÓN XERAIS**MINISTERIO DE TRABAJO, MIGRACIONES
E SEGURIDADE SOCIAL**

- 1147** *Orde TMS/62/2019, do 28 de xaneiro, pola que se ditan normas para a aplicación das medidas en materia laboral e de seguridade social recollidas no Acordo do Consello de Ministros, do 2 de novembro de 2018, polo que se declaran as provincias de Málaga, Sevilla, Cádiz, Valencia, Castelló, Tarragona, Teruel e a Comunidade Autónoma de Illes Balears «zonas afectadas gravemente por unha emerxencia de protección civil», como consecuencia das chuvias torrenciais e desbordamentos de torrentes acaecidos os pasados días 18, 19, 20 e 21 de outubro.*

O Acordo do Consello de Ministros, do 2 de novembro de 2018, polo que se declaran as provincias de Málaga, Sevilla, Cádiz, Valencia, Castelló, Tarragona, Teruel e a Comunidade Autónoma de Illes Balears «zonas afectadas gravemente por unha emerxencia de protección civil», como consecuencia das chuvias torrenciais e desbordamentos de torrentes acaecidos os pasados días 18, 19, 20 e 21 de outubro, prevé no seu punto décimo terceiro, relativo ás medidas laborais e de Seguridade Social, que por orde da ministra de Traballo, Migracións e Seguridade Social, de conformidade co previsto no número 2 da disposición derradeira segunda da Lei 17/2015, do 9 de xullo, do Sistema nacional de protección civil, se desenvolverán as medidas laborais e de Seguridade Social previstas no artigo 24.2.b) da dita lei, constituídas pola consideración como provenientes de forza maior das extincións ou suspensións dos contratos de traballo ou das reducións temporais da xornada de traballo que deriven da situación de emerxencia, por exencións e moratorias no pagamento das cotas da Seguridade Social e por conceptos de recadación conxunta, e por medidas que facilitan o acceso á protección por desemprego e incrementan a súa duración, co alcance e coas condicións nel sinaladas.

De acordo con isto, co obxecto de asegurar a efectiva aplicación destas medidas, así como para unificar criterios na súa posta en práctica, cómpre ditar as oportunas normas ao respecto, finalidade a que responde esta disposición, mediante a cal se actúa de acordo cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica e eficiencia, previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ao tratarse no presente caso de cumprir coa necesaria regulación deste aspecto parcial, en materia laboral e de Seguridade Social, das medidas previstas ao respecto no referido artigo 24 da Lei 17/2015, do 9 de xullo, en que se prevé o conxunto de medidas aplicables cando se declare unha zona afectada gravemente por unha emerxencia de protección civil, nos termos aprobados polo Acordo do Consello de Ministros do 2 de novembro de 2018.

Esta orde dítase en uso das atribucións conferidas no número 2 da disposición derradeira segunda da citada Lei 17/2015, do 9 de xullo, en que se establece que o desenvolvemento das medidas laborais e de Seguridade Social previstas no seu artigo 24 se fará por orde da ministra de Traballo, Migracións e Seguridade Social, e de conformidade, así mesmo, coas medidas adoptadas no referido Acordo do Consello de Ministros do 2 de novembro de 2018.

Na súa virtude, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

CAPÍTULO I

Medidas en materia laboral

Artigo 1. *Medidas en materia laboral.*

De acordo co previsto no artigo 24.2.b) da Lei 17/2015, do 9 de xullo, do Sistema nacional de protección civil, as suspensións de contrato e reducións de xornada e os despedimentos colectivos que teñan a súa causa directa nos danos producidos como consecuencia das chuvias torrenciais e desbordamentos de torrentes acaecidos os días 18, 19, 20 e 21 de outubro de 2018 nas provincias de Málaga, Sevilla, Cádiz, Valencia, Castelló, Tarragona, Teruel e na Comunidade Autónoma de Illes Balears, a que se refire o Acordo do Consello de Ministros, do 2 de novembro de 2018, polo que se declaran as provincias de Málaga, Sevilla, Cádiz, Valencia, Castelló, Tarragona, Teruel e a Comunidade Autónoma de Illes Balears «zonas afectadas gravemente por unha emerxencia de protección civil», como consecuencia das chuvias torrenciais e desbordamentos de torrentes acaecidos os pasados días 18, 19, 20 e 21 de outubro, terán a consideración de provenientes dunha situación de forza maior, coas consecuencias que derivan dos artigos 47 e 51 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro.

CAPÍTULO II

Medidas en materia de cotización á Seguridade Social

Artigo 2. *Exención no pagamento de cotas.*

1. A exención no pagamento de cotas prevista no artigo 24.2.b) da Lei 17/2015, do 9 de xullo, do Sistema nacional de protección civil, acordada no punto décimo terceiro do Acordo do Consello de Ministros, do 2 de novembro de 2018, polo que se declaran as provincias de Málaga, Sevilla, Cádiz, Valencia, Castelló, Tarragona, Teruel e a Comunidade Autónoma de Illes Balears «zonas afectadas gravemente por unha emerxencia de protección civil», como consecuencia das chuvias torrenciais e desbordamentos de torrentes acaecidos os pasados días 18, 19, 20 e 21 de outubro que, de conformidade co establecido na citada disposición, corresponda a Tesouraría Xeral da Seguridade Social a competencia para a súa concesión, comprenderá as achegas empresariais á cotización á Seguridade Social, tanto por continxencias comúns como por continxencias profesionais, e a cotización polos conceptos de recadación conxunta coas cotas da Seguridade Social.

A exención aplicarase mentres dure o período de suspensión do contrato de traballo ou a redución temporal da xornada de traballo a que se refire o artigo 47 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, e ese período considerarase como efectivamente cotizado polo traballador para todos os efectos.

2. En caso de suspensión do contrato de traballo, a exención será do 100 por 100 e no suposto de redución temporal da xornada de traballo será proporcional á dita redución.

Artigo 3. *Moratoria no pagamento de cotas.*

A moratoria de ata un ano sen xuro no pagamento de cotas prevista no artigo 24.2.b) da Lei 17/2015, do 9 de xullo, acordada no punto décimo terceiro do Acordo do Consello de Ministros do 2 de novembro de 2018 que, de conformidade co establecido na citada disposición, poderá conceder a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, comprenderá as achegas empresariais á cotización á Seguridade Social e as cotas dos traballadores por conta propia ou autónomos, en ambos os casos, tanto por continxencias comúns como por

continxencias profesionais, así como as cotas por cesamento de actividade e por conceptos de recadación conxunta, correspondentes a tres meses naturais consecutivos, contados desde o anterior ao da produción do sinistro ou, no caso de traballadores incluídos no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos, desde o mes en que aquel se produciu.

O prazo de ata un ano das moratorias concedidas computarase a partir do día do inicio do prazo regulamentario de ingreso das cotas de que se trate.

A concesión da moratoria será incompatible con calquera outra medida que poida supor un adiamento do prazo regulamentario de ingreso das cotas a que esta se refire.

Artigo 4. *Presentación de solicitudes.*

1. As solicitudes de exención e moratoria no pagamento de cotas poderanse presentar a través da internet na sede electrónica da Seguridade Social, así como na dirección provincial da Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou nas administracións da Seguridade Social dela dependentes correspondentes á provincia afectada polo sinistro; na delegación do Goberno na comunidade autónoma afectada, así como en calquera outro dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que as cursará sen dilación ao órgano competente para acordar a concesión ou denegación da exención e da moratoria, previsto no artigo 5.1.

As solicitudes de exención no pagamento de cotas tamén se poderán presentar ante a autoridade laboral en que se siga o procedemento de constatación da existencia de forza maior regulado no artigo 51.7 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

Malia o indicado nos parágrafos anteriores, os empresarios que teñan autorizada a xestión centralizada de determinados trámites relacionados coa cotización e a recadación deberán formalizar as súas solicitudes, en todo caso, ante a dirección provincial da Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou administración da Seguridade Social en que estea autorizada a dita xestión centralizada.

2. O prazo de presentación das solicitudes de exención e moratoria no pagamento de cotas será o dos tres meses seguintes ao da publicación desta orde no «Boletín Oficial del Estado».

3. As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

a) Para a exención no pagamento de cotas, da resolución da autoridade laboral ditada no procedemento seguido para o efecto, en que se constate a existencia de forza maior como causa directa dos danos producidos e da perda de actividade nos establecementos a que se refire o artigo 24.2.b) da Lei 17/2015, do 9 de xullo, a consecuencia das chuvias torrenciais e desbordamentos de torrentes acaecidos, así como da documentación correspondente á decisión da empresa sobre a suspensión dos contratos de traballo ou a redución temporal da xornada de traballo, conforme a dita resolución da autoridade laboral.

b) Para a moratoria no pagamento de cotas, da documentación acreditativa dos danos sufridos ou da perda de actividade deles derivada, expedida para tal efecto polo respectivo concello, polo órgano autonómico competente ou polo delegado do Goberno na comunidade autónoma, en que se acrediten os danos ou a perda de actividade e a localización das empresas ou explotacións afectadas ou o lugar en que se desempeñe a actividade.

Para os mesmos efectos, tamén se poderá achegar resolución favorable da autoridade laboral no procedemento de constatación de forza maior, regulado no artigo 51.7 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, ou, así mesmo, poderase achegar, se as houber, resolución ou comunicación do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ou da Entidade Estatal de Seguros Agrarios (Enesa), en que conste a condición de beneficiario de axudas outorgadas en relación cos danos causados polas chuvias torrenciais e desbordamentos de torrentes acaecidos o día 9 de outubro de 2018 nos municipios da Comunidade Autónoma de Illes Balears a que se refire o Acordo do Consello de Ministros,

do 19 de outubro de 2018, polo que se declaran zonas afectadas gravemente por unha emerxencia de protección civil e se adoptan medidas para reparar os danos causados.

No suposto de empresas, a documentación antes indicada terá carácter individualizado para cada unha delas.

Artigo 5. *Resolución das solicitudes.*

1. A concesión ou denegación da exención e da moratoria reguladas nesta orde, para as cales é competente a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, será acordada, conforme o previsto no artigo 24.2.b) da Lei 17/2015, do 9 de xullo, polos titulares das administracións da Seguridade Social correspondentes á provincia afectada polo sinistro.

2. A resolución deberase ditar e notificar dentro dos tres meses seguintes á data en que a solicitude tivese entrada no rexistro das administracións da Seguridade Social competentes para a súa tramitación e concesión ou denegación.

Transcorrido ese prazo sen que se notificase a resolución, a solicitude poderase entender desestimada por silencio administrativo, de conformidade co establecido no artigo 129.3 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro.

3. A resolución non porá fin á vía administrativa e poderase impugnar na forma, nos prazos e demais condicións establecidos no capítulo II do título V da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 6. *Cumprimento de obrigas en materia de liquidación de cotas.*

De non telo feito con anterioridade, de forma simultánea á tramitación das solicitudes de exención ou moratoria deberán cumprirse as obrigas en materia de liquidación de cotas establecidas no artigo 29 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social e na súa normativa de desenvolvemento, en función do sistema de liquidación que resulte aplicable, respecto ás cotas correspondentes aos meses previos á súa concesión, aínda que non se proceda ao seu ingreso, de ser o caso.

Os solicitantes aos cales se lles concedese a exención ou moratoria estarán obrigados, malia esta, a cumprir as referidas obrigas en materia de liquidación respecto ás cotas correspondentes a períodos posteriores á dita concesión, na mesma forma e prazos establecidos con carácter xeral, mesmo cando non ingresen aquelas. Na súa falta, a exención ou moratoria quedará sen efecto desde o vencemento do prazo fixado para tal cumprimento.

Artigo 7. *Devolución de cotas xa ingresadas.*

As cotas xa ingresadas que sexan obxecto da exención ou da moratoria a que se refire esta orde, incluídos, de ser o caso, unicamente as recargas, xuros de demora e custas que se satisfixesen, serán devoltas por petición dos interesados, formulada xunto coa solicitude de concesión daquelas ou con posterioridade, pero dentro do prazo establecido no artigo 4.2. Para tal efecto, deberanse achegar os documentos acreditativos do seu pagamento.

Se no prazo sinalado non se solicita a devolución destas cotas, entenderase que se renuncia ao período de exención ou moratoria a que estas se refiran, sen que poida xa solicitarse unha vez finalizado o prazo.

Se o que ten dereito á devolución é debedor da Seguridade Social por cotas correspondentes a outros períodos ou por outros recursos do sistema, o crédito pola devolución será aplicado ao pagamento das débedas pendentes con aquela na forma que legalmente proceda, sen prexuízo do seu dereito a solicitar aprazamento de todas as cotas pendentes que, deste modo, non sexan compensadas, nos termos do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño.

CAPÍTULO III

Medidas en materia de protección por desempleo

Artigo 8. *Medidas en materia de protección por desempleo.*

1. As medidas en materia de protección por desempleo previstas no artigo 24.2.b) da Lei 17/2015, do 9 de xullo, acordadas no punto décimo terceiro do Acordo do Consello de Ministros do 2 de novembro de 2018, que concederá o Servizo Público de Emprego Estatal comprenderán:

a) A posibilidade de que os traballadores afectados obteñan o dereito á prestación contributiva por desempleo aínda que carezan do período de cotización necesario para ter dereito a ela.

b) Non computar o tempo en que se perciban as prestacións para os efectos de consumir os períodos máximos de percepción establecidos.

2. As citadas medidas aplicaranse sempre que a situación legal de desempleo veña ocasionada pola suspensión do contrato de traballo ou a redución temporal da xornada de traballo, que teñan a súa causa directa nas circunstancias excepcionais recollidas no citado acordo do Consello de Ministros.

Artigo 9. *Aplicación das medidas.*

1. As medidas citadas no artigo anterior serán aplicables aos traballadores afectados tanto se no momento da adopción da decisión empresarial teñen suspendido un dereito anterior á prestación ou subsidio por desempleo como se carecen do período mínimo de ocupación cotizada para causar dereito a prestación contributiva, ou non percibisen prestación por desempleo precedente.

2. Nos supostos citados no número anterior recoñecerase un novo dereito á prestación contributiva nos termos establecidos no título III do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, coas seguintes especialidades respecto á contía e duración:

a) A base reguladora da prestación será a resultante de computar a media das bases dos últimos 180 días cotizados ou, na súa falta, do período de tempo inferior, inmediatamente anterior á situación legal de desempleo, traballados ao abeiro da relación laboral afectada pola forza maior que orixinou directamente a suspensión do contrato ou a redución da xornada de traballo.

b) A duración da prestación estenderase ata a finalización do período de suspensión do contrato de traballo ou de redución temporal da xornada de traballo de que deriva.

Artigo 10. *Procedemento.*

1. A iniciación, instrución e resolución do procedemento de recoñecemento do dereito á prestación por desempleo axustarase ao disposto na normativa legal e regulamentaria para os supostos de suspensión temporal do contrato ou de redución temporal da xornada derivados de forza maior, sen prexuízo do establecido no punto seguinte.

2. Os traballadores que con anterioridade á publicación desta orde obtivesen o recoñecemento do dereito ás prestacións debido á suspensión do contrato ou á redución de xornada decididas polo empresario como consecuencia dos acontecementos a que se refire o Acordo do Consello de Ministros, así como aqueles que non as solicitasen ou visen denegadas as súas solicitudes por non reuniren o período mínimo de ocupación cotizada poderán obter a aplicación das medidas mencionadas no artigo 8 se presentan a correspondente solicitude no prazo dun mes a partir da data de publicación desta orde no «Boletín Oficial del Estado».

Disposición adicional única. *Aplicación a socios traballadores e de traballo de cooperativas.*

Nas referencias feitas por esta orde aos traballadores por conta allea e aos traballadores por conta propia ou autónomos entenderanse incluídos, respectivamente, os socios traballadores e de traballo das cooperativas encadrados como traballadores por conta allea e os socios traballadores das cooperativas encadrados como traballadores por conta propia, no respectivo réxime da Seguridade Social.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.17.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de réxime económico da Seguridade Social, salvo o seu artigo 1, que se dita ao abeiro do disposto no artigo 149.1.7.^a, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación laboral.

Disposición derradeira segunda. *Aplicación das disposicións en materia de protección por desemprego.*

O director xeral do Servizo Público de Emprego Estatal ditará, no ámbito das súas competencias, as resolucións ou instrucións precisas para a execución desta orde.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 28 de xaneiro de 2019.

FELIPE R.

A ministra de Traballo, Migracións e Seguridade Social,
MAGDALENA VALERIO CORDERO